

**ACORDO ENTRE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. E A  
FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA PARA A CESIÓN  
TEMPORAL DUN ESPAZO PARA REALIZAR ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia , **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia ten previsto formalizar con INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 16 de marzo de 2016 ata o 27 de marzo de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A cesión por parte de INCOLSA de forma gratuíta á FUNDACIÓN o uso dun espazo diferenciado localizado na Oficina de Turismo de Santiago de Compostela para que poda facer uso del, cos seus propios medios materiais e humanos, co obxecto de darlle difusión á exposición “Con-fío en Galicia”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Cidade da Cultura de Galicia acolle desde o pasado 11 de marzo unha mostra, denominada “Con-fío en Galicia” que busca consolidar a ‘marca Galicia’ coa posta en valor das achegas dos/-as grandes deseñadores galegos e os logros empresariais



acadados por un sector estratéxico, constituído por 500 empresas, que da emprego a 13.000 persoas e que representan o 11% da riqueza da Comunidade.

INCOLSA, como medio propio do Concello de Santiago de Compostela encargado da promoción e difusión da imaxe turística da cidade, ten un especial interese en promover todo tipo de actividades que faciliten o coñecemento da cidade e aumenten as pernoctas no destino. Sendo isto así, e recoñecendo o grande valor da exposición “Con-fío en Galicia”, considera acaído colaborar coa FUNDACIÓN na súa difusión.

As partes consideran que a localización da oficina de turismo de INCOLSA, na rúa do Vilar da cidade é un emprazamento idóneo para dar a coñecer a devandita exposición aos visitantes á cidade, especialmente no período da Semana Santa que vai dende o xoves santo, 24 de marzo, e finaliza o domingo de pascua, día 27 do mesmo mes.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago a 16 de marzo 2016

*(asinado dixitalmente)*

